

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Marque a resposta INCORRECTA respecto aos Tribunais de Selección de conformidade co artigo 13 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

- A) Actuarán de acordo cos criterios de obxectividade, imparcialidade, axilidade e eficacia.
- B) Os tribunais estarán compostos dun número impar de membros non inferior a sete.
- C) As resolucións ou acordos dos Tribunais vinculan á Administración.
- D) Os tribunais axustarán a súa actuación ao disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colexiados.

2. A alta voluntaria é un documento que se asina cando:

- A) O doente está curado
- B) O doente non precisa máis tratamento hospitalario
- C) Ó doente trasládase a outro centro
- D) O doente non acepta o tratamento prescrito polo médico

3. De conformidade co artigo 7 da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado, o dereito á información sanitaria dos doentes:

- A) Non pode restrinxirse.
- B) Pode limitarse pola existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica.
- C) Pode restrinxirse cando o doente ou os familiares o solicitan.
- D) Pode limitarse en calquera momento e por calquera causa.

4. Segundo o art.9.3. da Constitución española, esta garante:

- A) A retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables.
- B) O principio de legalidade.
- C) O principio de descentralización administrativa.
- D) O principio de igualdade.

5. O artigo 39 do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de saúde di que quen se atope en comisión de servizos terá dereito a:

- A) Consolidar a titularidade da nova praza tras dous anos nesa situación.
- B) Un complemento salarial.
- C) Percibir o 150% do complemento de destino.
- D) Á reserva da súa praza ou posto de traballo de orixe.

6. De conformidade co artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento estará constituído por deputados eleixidos por:

- A) Sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- B) Sufraxio universal, igual, libre, directo e participativo.
- C) Sufraxio universal, igual, libre, directo e público.
- D) Sufraxio restrinxido.

7. Cal das seguintes situacións non se inclúe dentro do réxime xeral de situacións de persoal estatutario fixo segundo o Estatuto Marco do Persoal Estatutario?

- A) Suspensión de funcións.
- B) Excedencia por servizos no sector público.
- C) Excedencia voluntaria.
- D) Despido por causas obxectivas.

8. En materia de prevención de riscos laborais, a anteposición da protección colectiva á individual é:

- A) Un criterio deixado á decisión do empresario.
- B) Un principio xeral da acción preventiva.
- C) Unha decisión a tomar polo técnico superior en prevención de riscos laborais.
- D) Unha decisión exclusiva do Comité de Seguridade e Saúde.

9. Segundo o art. 75 da Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia o exercicio das seguintes competencias:

- A) A aprobación do Plan de Saúde de Galicia.
- B) Os acordos de creación de hospitais públicos en Galicia.
- C) A aprobación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

10. Segundo o artigo 6 da Lei Xeral de Sanidade, as actuacións das Administracións Públicas Sanitarias estarán orientadas a:

- A) A promoción da saúde.
- B) Promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do doente.
- C) Garantir que cantas accións sanitarias se desenvolvan estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación das mesmas.
- D) Todas as respostas son correctas.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Lei Xeral de Sanidade e conforme aos termos establecidos nela, o Sistema Nacional de Saúde é:

- A) O conxunto dos Servizos de Saúde da administración do Estado.
- B) O conxunto dos servizos de saúde das Comunidades Autónomas.
- C) O conxunto dos servizos de saúde da administración do Estado e dos servizos de saúde das Comunidades Autónomas.
- D) O conxunto dos servizos de saúde da Administración Central do Estado e das Institucións sanitarias privadas afectas a el.

2. Segundo o art. 38 da Lei de Prevención de riscos laborais, cal é o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos?

- A) Comité de Seguridade e Hixiene.
- B) Comité de Seguridade e Saúde.
- C) Comité de Saúde Laboral.
- D) Comité de Prevención.